

# José Jorge de la Peña, un espírito liberal

---

Antonio Prado Gómez

**Resumo:** Poucos dos galegos que viviron no axitado século XIX pode presentar un currículo tan diversificado e interesante como o do personaxe a quen aquí se pretende rememorar e que, entre outros cargos e competencias, desempeñou os de membro ilustre da Sociedade Económica de Amigos do País de Lugo, director-médico do Balneario da mesma cidade, representante dos intereses dos Ibáñez de Sargadelos, ou a condición de ser o primeiro director do Instituto de ensino secundario lucense. Todas estas ocupacións fan del unha personalidade singular na nosa historia decimonónica e, en certa maneira, un prototipo definido de carreira liberal, xa que nel se resume a defensa do ideario político representativo, o interese pola propiedade e o patrimonio, o gusto polo coñecemento pragmático e científico e a aspiración a un modelo de educación pública e laica.

**Resumen:** Pocos de los gallegos que vivieron en el agitado siglo XIX puede presentar un currículum tan diversificado e interesante como el del personaje a quien aquí se pretende rememorar y que, entre otros cargos y competencias, desempeñó los de miembro ilustre de la Sociedad Económica de Amigos del País de Lugo, Director-médico del Balneario de la misma ciudad, representante de los intereses de los Ibáñez de Sargadelos, o la condición de ser el primer Director del Instituto de enseñanza secundaria lucense. Todas estas ocupaciones hacen de él una personalidad singular en nuestra historia decimonónica y, en cierto modo, un prototipo definido de carrera liberal, ya que en él se resume la defensa del ideario político representativo, el interés por la propiedad y el patrimonio, el gusto por el conocimiento pragmático y científico y la aspiración a un modelo de educación pública y laica.

## 1. Anos de formación e inquietudes

José Jorge de la Peña nace na localidade pontevedresa de Vilagarcía de Arousa o 23 de abril de 1806, fillo de Juan José de la Peña e da súa dona Rosa de la Reloba. Pola súa partida de nacemento<sup>1</sup> sabemos que foi bautizado polo frade predicador frei Bartolomé Abad, e que foron os seus avós paternos, José Nicolás de la Peña e María Concepción Urdinarana, e maternos, Domingo Reloba e Josefa Estebez, veciños respectivamente das vilas de Vilagarcía e Muros.

Non temos moitos datos sobre os anos da súa nenez e xuventude, que coincidiron con períodos ben conflictivos da nosa historia: primeiro, a invasión napoleónica de 1808 e conseguinte Guerra da Independencia, logo as alternativas políticas entre as tendencias liberais e absolutistas no reinado de Fernando VII e, xa na década dos trinta, a primeira guerra carlista, por non mencionar máis que aqueles acontecementos que tiveron como escenario a Península, e sen entrar no proceso independentista americano que tamén debeu influír dalgunha maneira nos avatares nacionais.

Polo que respecta ao noso personaxe, nos anos vinte e comezos dos trinta estuda Medicina no Real Colexio de Medicina e Cirurxía de Barcelona, estudos que remata o 27 de novembro de 1832 e dos que se lle concede o título correspondente con data de 4 de febreiro de 1833. Moito máis tarde, en 1874, cursaría na Universidade de Santiago de Compostela as especialidades de Operacións, Clínica cirúrxica e Obstetricia. A medicina sería, pois, a actividade que primeiro marcaría a súa vida persoal e profesional.

Nos comezos do liberalismo trasládase a Lugo, onde residía por entón a súa familia, e comeza a exercer a mesma profesión de médico do seu pai Juan José de la Peña, precisamente polos anos 1833 e 34 en que se desencadeaba na nosa provincia un dos temibles brotes de cólera habituais nese século, e ao que lle debeu dedicar algunhas das súas primeiras actuacións profesionais.

O padrón de 1835<sup>2</sup> inclúeo vivindo no seo dunha típica familia liberal deses momentos. O pai, Juan José, conta por entón 54 anos, e a súa nai Rosa —mencionada co apelido paterno— 52. José Jorge é o maior de cinco irmáns, acadando nestes momentos 30 anos. Os outros membros da familia son Ramón (26 anos), Luís (21), Benito (18) e Juan (15), convivindo todos eles no número 10 da Ruanova da capital, vivenda na que o seu pai mantiña aberta a consulta de médico. No censo de 1837, tanto o pai como o fillo figuran xa como médicos e aveciñados na parroquia de Santiago de Lugo, desde onde participaron como electores nos comicios dese ano para nomeamento de senadores e deputados<sup>3</sup>.

Neses difíciles anos trinta, marcados polo enfrontamento entre carlistas e isabelinos, José Jorge tomou parte decidida pola causa dos segundos, é dicir, polas posicións liberais, segundo el mesmo confesaba moi literariamente cando aludía a que *“me vi obligado a trocar el caduceo por la espada, y buscar en otra parte mi seguridad personal, a causa de las azarosas circunstancias políticas de la provincia”*<sup>4</sup>. Desde esta perspectiva hai que interpretar a súa intervención en accións de combate fronte ao

---

1 Arquivo parroquial de Santa Eulalia de Arealonga. Vilagarcía de Arousa, Libro 4, folio 42. Esta referencia e outras máis que enriquecen a información deste traballo foron achegadas por Alberto Pereiras Varela, descendente do señor de la Peña, a quen lle agradecemos todas as puntualizacións e a súa entusiasta axuda.

2 Arquivo Histórico Provincial de Lugo (logo AHPL). Padróns e censos, 417/1.

3 Boletín Oficial da Provincia de Lugo (logo BOPL) de 10-IX-37.

4 Citado por Rosa Meijide Failde, *Termas de Lugo*, p. 47.

carlismo, como a da escolta liberal que se encarou coa facción navarra na acción de Sobrado, e na que o noso biografiado participou como membro da sección de cabalería da Garda Nacional de Lugo que capitaneaba Manuel Anselmo Rodríguez<sup>5</sup>. Como resultado desta participación concederíasele a Cruz de Isabel la Católica de cuxas cargas impositivas solicitaba librarse en agosto de 1842.

Tras a súa primeira experiencia electoral do ano 1837, a identificación co liberalismo permitiúlle aínda outras oportunidades políticas, como as derivadas da súa elección como deputado provincial por Viveiro, distrito no que mantiña un certo control pola relación cos intereses da familia dos Ibáñez que eran toda unha referencia social na Mariña luguesa. Volvería a repetir éxitos electorais nos procesos de máis pulo progresista: xaneiro de 1841, xullo de 1843 e novembro de 1843<sup>6</sup>, deixando desde esta perspectiva ben claro cal era o seu posicionamento político. No Bienio, ocupará de novo esa representación, desde a que por entón solicitaba con entusiasmo o establecemento dun banco agrícola que mellorase as posibilidades financeiras da comarca<sup>7</sup>.

Ademais de convencido liberal, De la Peña era tamén un espírito ilustrado, e así o demostra o seu nomeamento como secretario da Sociedade Económica de Amigos do País de Lugo que é refundada en 1834<sup>8</sup>. Este dato parece confirmalo a referencia da sesión de 1 de outubro de 1841, na que se daba conta dun oficio de Dela Peña remitindo os papeis da antiga sociedade que estaban no seu poder como último depositario da documentación. De feito, xa na reinstalación efectuada o 24 de xullo de 1834, consta a inclusión do noso personaxe na lista de suxeitos merecedores de integrarse na citada sociedade.

Aínda que nos anos trinta a Sociedade de Amigos do País non tivo moitas oportunidades para desenvolver as súas actividades a causa do conflito carlista, nunha nova reinstalación dos anos corenta, as iniciativas multiplicáronse e, con elas, as intervencións de José Jorge de la Peña<sup>9</sup>.

Así, o 2 de xullo de 1841 tiña lugar unha reunión de 31 lucenses baixo a presidencia do intendente, Alejandro García. É entón cando se presenta un proxecto de estatutos elaborado polos señores José Antonio Somoza, Arias de la Torre, José Becerra, Gómez Cadórniga e Buenaventura Plá. As sesións que se suceden desde o 12 de xullo ata o 2 de agosto fan referencia ás discusións dos distintos artigos<sup>10</sup>, discusións nas que o noso protagonista intervéñe moi directamente, definíndose como un dos asistentes máis activos xunto cos señores Arias de la Torre, Somoza, Robles e Plá. Peña está presente na maioría das sesións do mes de xullo, ausentándose só nas do 16 e do 30. En practicamente todas elas presenta propostas, participa nas discusións e toma posición nos diversos temas tratados, sendo nomeado o 13 de xullo membro dunha das primeiras comisións —xunto cos señores Francisco Serrano e José Pardo y Prado— que se encargaría de confeccionar unha lista dos lucenses con prestixio suficiente para incorporarse como membros activos da sociedade. A lista será presentada o día 27 de xullo coa indicación dos 47 nomes considerados como posibles

---

5 BOPL de 3 de agosto de 1836. O relato da acción de Sobrado pode consultarse na *Historia de la Guerra civil y de los partidos liberal y carlista* de Antonio Piralá, t. II, páxs. 174-175.

6 BOPL de 27-XII-40 e 28-X-43.

7 Actas Deputación Provincial de Lugo (logo ADPL), 25-X-54.

8 A primeira instalación desta sociedade data de 1784. Vid. AHPL. Leg. 867, *Antecedentes de la Sociedad Económica de Amigos del País, 1784-1834, 1841-42, 1882*.

9 En carta do 5 de maio de 1841 recoñécese a desorganización da sociedade e advírtese da necesidade de reconstruíla de novo, convocando para este efecto os señores que se consideran máis axeitados e entre eles a José Jorge de la Peña.

10 Os estatutos aprobados constaban de 15 títulos e 63 artigos.

candidatos. Tamén integraba —con Manuel Becerra y Llamas e Antonio Magín Plá— a comisión encargada de elaborar un proxecto sobre propagación da industria manufactureira, que leva data de 14 de setembro de 1841 e que supón un informe bastante completo da situación económica da provincia, da que o noso biografiado debía ser, xa por entón, un dos principais coñecedores<sup>11</sup>.

Cando o día 2 de agosto sexan elixidos os futuros cargos da sociedade, José Jorge de la Peña aparece singularizado nas votacións, aínda que non conseguirá ningún posto, pese a obter catro apoios para o de vicesensor e tres para o de vicesecretario.

Nas sesións da sociedade celebradas nos meses de agosto e setembro, non parece manter tanto protagonismo como en xullo, e non asiste a varias delas, seguramente por estar ocupado noutras actividades. Non obstante, figura co número 18 nun listado de 134 socios que se elabora por estas datas coa máxima antigüidade de primeiro de agosto de 1841, e tamén como integrante da 1ª sección correspondente á Agricultura e Obras Públicas da que o 8 de agosto será nomeado secretario<sup>12</sup>. Se partimos da consideración de que as Sociedades de Amigos do País representaron no século XVIII a esencia do espírito ilustrado, agora, no XIX, representan as ideas do liberalismo. Por iso, non é estraño que nelas se integrasen os representantes dunha ideoloxía que apostaba pola renovación institucional, pola modernización económica e polo desenvolvemento educativo e cultural, fronte ao inmovilismo absolutista que representaba o carlismo. A súa plena integración na actividade económica da Sociedade lucense significa para o noso biografiado a confirmación nun posicionamento liberal de vangarda e, como tal, hai que valorar o seu activismo neste terreo.

De feito, en xaneiro de 1841 compuña con Arias de la Torre a primeira comisión de camiños e obras públicas que nomeou a Deputación lucense e, en maio do ano seguinte, forma con Juan Pardo y Prado a comisión para informe sobre a renda do sal<sup>13</sup>. Moito despois, en 1863, intervén, xunto co Conde de Pallares e Francisco Fariña, na xunta que pretendía repartir xofre para combater a epidemia de *oidium* que devastaba os viñedos lugueses<sup>14</sup>. Todas estas iniciativas demostran no señor de la Peña un ton filantrópico moi claro e relaciónano cos personaxes lucenses máis ilustres e activos de cada momento.

## 2. O representante-consorte dos Ibáñez

O desenvolvemento das súas actividades profesionais permitiranlle independizarse e contraer un matrimonio moi significativo no ano 1839. Nesa data casa con Florentina Ibáñez y Varela, filla de José Ibáñez e Ana Varela, e neta, polo tanto, de Antonio Raimundo Ibáñez, o celeberrimo marqués de Sargadelos que fora linchado trinta anos antes en Ribadeo. Os novos esposos pasan a residir temporalmente no pazo familiar da localidade de Sargadelos e logo na Coruña. Daquel matrimonio nacerían nada menos que dez fillos —Federico, Eduardo, Flora, Celia, Julio, María, Leopoldo, Elena, Regina e José— que viñan a continuar a fecunda saga familiar dos seus pais.

---

11 FERNÁNDEZ FRAGA, J. D. *Lugo, siglo XVIII. Educación e Ilustración*, pp. 348-349.

12 FERNÁNDEZ FRAGA, J. D. *op. cit.* p. 347

13 ADPL, sesións de 13-I-1841 e 20-V e 8-VII de 1842, cando presentan o ditame sobre o asunto.

14 ADPL de 18-III-1863.



**Pazo de Sargadelos, no que viviu José Jorge de la Peña os primeiros anos tras o seu casamento**

As relacións familiares cos Ibáñez converterán a Peña en defensor dos seus intereses durante bastantes anos e, moito despois, farán participar o seu fillo primoxénito, Federico, no falido intento de reconstitución da compañía que se fixo cargo das fábricas de louza e ferro en 1873<sup>15</sup>.

A actividade de Peña como representante dos Ibáñez aparece ben documentada. Así, nunha escritura de arrendo das fundicións de Sargadelos a Ramón Francisco Piñeyro, asinada en outubro de 1840 na casa principal das Fábricas, figura presente José Jorge de la Peña xa como marido de Florentina Ibáñez e como residentes ambos no pazo de Santiago de Sargadelos<sup>16</sup>.

Noutra escritura de concordia e obriga entre os fillos de José Ibañez para poñerlles fin aos litixios e desavinzas tras o seu pasamento, presentada na Coruña en marzo de 1841<sup>17</sup>, tamén figuran Florentina e José Jorge defendendo os propios intereses. Repítese a situación nun convenio sobre réxime e disfrute de bens e rendas asinado coa súa nai e sogra, Ana Varela, en decembro de 1842, e polo que resulta José Jorge de la Peña —agora residente na Coruña— encargado das finanzas familiares de acordo co seu curmán Juan Ibáñez. Así mesmo, figuran nunha escritura de concordia entre a viúva de Ibáñez e os seus fillos para a administración dos bens familiares, que é asinada na Coruña no mes de decembro de 1842<sup>18</sup>. No arrendo da fábrica de louza a Carlos Pickman, asinado na Coruña en setembro de 1843, volven a figurar os dous consortes, aínda residentes nesa cidade<sup>19</sup>. Algúns anos despois, en agosto de 1849, cando se iniciaba a próspera etapa que en Sargadelos protagoniza Luis de la Riva, os membros da familia Ibáñez deciden nomear un xefe da casa para que se encargase de todo o relativo ó arrendo das fábricas, goberno das terras e bens da familia, percepción de rendas, pagos de créditos, etc., nomeamento que recae no noso biografiado, entón xa residente en Lugo<sup>20</sup>. Esta nova situación permitíalle a Peña manexar con certa autonomía os amplos negocios familiares dos Ibáñez e decidir sobre a oportunidade de prorrogar o arrendo das fábricas ou, en caso contrario, poñelas á venda ou explotación pola súa conta, aínda que non parece que neste aspecto tomase trascendentes decisións.

En 1854 seguía mantendo esas responsabilidades, como amosa un compromiso axustado entre os fillos e herdeiros de José Ibañez e Francisco Acevedo asinado en xaneiro dese ano, e no que Peña figura como licenciado en Medicina e residente en Lugo<sup>21</sup>. En maio de 1855 outorgaba un instrumento de obrigación a favor de Luis de la Riva en representación de todos os seus irmáns políticos, co fin de poñer ao día as anualidades vencidas e debidas á familia<sup>22</sup>. As súas competencias como representante legal dos Ibáñez deberon rematar pouco despois, pasando Peña de representante a

15 MEJIDE PARDO, A. *Nuevas aportaciones para la historia de las Reales Fábricas de Sargadelos*, pp. 49-51. O seu fillo era, no 1873, solteiro, de 28 anos e catedrático do Instituto de Lugo.

16 MEJIDE PARDO, A. *Documentos para la historia de las Reales Fábricas de Sargadelos*, pp. 362-364.

17 MEJIDE PARDO, A. *Nuevas aportaciones...*, pp. 32-33.

18 MEJIDE PARDO, A. *Documentos...*, p. 365 e *Nuevas aportaciones...*, pp. 33-34.

19 MEJIDE PARDO, A. *Documentos...*, pp. 366-67.

20 MEJIDE PARDO, A. *Documentos...*, pp. 376, 382-384.

21 MEJIDE PARDO, A. *Nuevas aportaciones...*, pp. 44-45.

22 MEJIDE PARDO, A. *Documentos...*, pp. 387, 390.

representado, como amosa o poder que outorga en 1857 a favor de José de la Encina, presidente da Audiencia Territorial da Coruña, para seguir un preito sobre as Reais Fábricas<sup>23</sup>. Máis tarde, nunha escritura de transacción da familia Ibáñez coa empresa Luis de la Riva, asinada en Madrid en setembro de 1866, o matrimonio aparece representado por Carlos Ibáñez, o que indica que Peña debeu retirarse por esas datas dos labores de representación da familia<sup>24</sup>.

### 3. O liberal maduro

Despois da súa etapa de residencia nas localidades de Sargadelos e A Coruña, e cando cumpría os corenta anos de idade, José Jorge de la Peña regresa a Lugo para asumir o seu asentamento profesional, económico e intelectual. Non figura entre os contribuíntes de máis de 1.000 rs. do censo de 1846, talvez porque aínda non se considerara estatisticamente como veciño da cidade. Non obstante, no censo de poboación de 1852<sup>25</sup>, está xa domiciliado no Cruceiro da Nova n.º 4 e identificado como médico, pero non se inclúe entre os trinta maiores cotizantes, polo que se deduce que neses momentos non acadaba aínda unha posición económica relevante. De feito, non parece que se beneficiase moito dun dos mellores negocios da época, a compra de terras desamortizadas, xa que non figura nas listas de compradores que Ramón Villares ofrece para o período 1837-1849<sup>26</sup>. Tampouco aparece incluído no Padrón de 1854 e, non obstante, debía residir permanentemente en Lugo, por entón unha pequena cidade que naqueles momentos contaba no seu núcleo cun total de 944 veciños, máis outros 214 no seu radio de acción inmediata (2000 varas), e outros 1459 máis no extrarradio.

Pero os asuntos económicos do señor Peña deberon mellorar nos anos cincuenta, xa que en 1859<sup>27</sup> si se inclúe en terceiro lugar entre os maiores contribuíntes da Sección de Agricultura da provincia de Lugo, tras Bernardo Valcárcel e Buenaventura Miguel Plá, o que fai pensar que nestes momentos dispón dun apreciable patrimonio inmobiliario. Así mesmo, volve a figurar no corpo electoral de contribuíntes para 1865, co mesmo domicilio de Cruceiro da Nova, 4, e aplicándoselle a importante contribución de 104.500 rs.

Os datos que fornece esta análise dos censos e padróns de mediados de século fan preguntarse a que pode deberse a rápida acumulación de tan importante patrimonio. Seguramente tivo que ver coas novas disponibilidades do noso biografiado tras a recepción da herdanza paterna, e máis aínda da dos bens e melloras concedidos á súa esposa co reparto do patrimonio dos Ibáñez, sen esquecer posibles adquisicións realizadas a partir de 1855 a resultados do proceso desamortizador de

---

23 AAL Serie Protocolos, Andrés Elías de Castro, Leg. 905, pp. 47-48.

24 Recollida por Joam Carmona Badía, *A etapa de Luis de la Riva e o apoxeo da produción civil de Sargadelos*, pp. 49-53. A habilidade negociadora de Peña fíxolle representar tamén outros intereses, como os que amosou como mediador nun litixio entre José María Padilla e os donos da casa da Olga por certos problemas no contorno do balneario no ano 1847.

25 AHP. Censos, 417/3.

26 R. Villares, *Desamortización e réxime de propiedade*, pp. 209-210. No entanto, participou nalgunha transacción, pois debe pagar, en 1844, 24.160 rs. por un lugar acasado en Lourenzá que comprou a través dun intermediario (vid. Prot. Carballo Calo, 509/1756; sin. 1017).

27 BOPL 18-III-64. Antes participara na compra de accións do ferrocarril do príncipe Alfonso, nas que investirá 4000 rs. (Boletín para el Clero del Obispado de Lugo de 16 de xuño de 1860).

Pascual Madoz. En todo caso, nos anos sesenta, José Jorge de la Peña pode considerarse un importante terratenente, vantaxe que debe engadirse á consideración social que como médico e intelectual merecía xa entre os seus paisanos. Por iso é preciso, agora, dedicar algunha atención ás súas inxerencias intelectuais e á súa actuación como médico e como docente, parcelas profesionais que o ocuparon activamente nas décadas centrais da súa vida.

#### 4. O médico

Xa se advertiu que no verán de 1834 unha terrible epidemia de cólera acometeu a provincia de Lugo, causando centenaes de vítimas entre os lugueses máis desprotexidos. A epidemia, endémica en amplos espazos asiáticos, chegou a Europa cara ao 1830, afectándoa en varias oleadas sucesivas ao longo do século e expandíndose como “*implacable rodillo*”<sup>28</sup>. En Galicia, a pandemia chegaría cara ao 1833 procedente de Portugal. Cando se manifesta en Lugo, a multiplicación de falecidos fixo insuficientes os pequenos cemiterios da capital—morría un de cada catro afectados—, sendo necesario habilitar novos lugares de enterramento no extrarradio<sup>29</sup>. Foi preciso, así mesmo, mobilizar a todo o personal sanitario da provincia, e aquí volvemos atopar o noso protagonista, que debeu empregar no combate contra a enfermidade un entusiasmo que non foi moi ben remunerado, xa que durante o mes de febreiro de 1840<sup>30</sup> reclamaba diversos honorarios polas atencións prestadas no andazo de cólera no distrito de Castroverde uns anos antes.

As súas experiencias nesta epidemia, e probablemente tamén na de 1853 —terrible para Galicia por coincidir cunha crise de subsistencia— permitíronlle, en decembro de 1854, publicar unha memoria médica sobre prevención e tratamento da enfermidade que tivo certa importancia na época<sup>31</sup>. Logo, en 1865, cando se dita unha serie de medidas para prever a incidencia da cólera na cidade, o señor de la Peña volve a prestar servizos como médico responsable do primeiro dos seis cuarteis nos que estaba dividida sanitariamente, e que comprendía o barrio de San Roque, Huer-tas, praza da Feira, Mosqueira e barrio da Chanca<sup>32</sup>.

Na capital, o seu prestixio como facultativo debeuse consolidar moi axiña, pois xa en 1836 é nomeado director-médico interino dos Baños lucenses como recompensa polos méritos adquiridos na epidemia de cólera de dous anos antes. Será un cargo que seguirá exercendo ao longo de tres décadas, nas que pretendeu cambiar, sen moito éxito, a situación do establecemento. Talvez, as múltiples ocupacións do señor Peña, o desinterese que amosaban os propietarios e a súa permanente condición de interino, desenganárono para desempeñar con máis dedicación este emprego<sup>33</sup>.

O Balneario de Lugo, pese ao seu glorioso pasado, amosaba por estes anos un evidente decaemento que o propio Peña denunciara xa en 1835<sup>34</sup>. Desde o novo posto, será o responsable

---

28 JORDI NADAL, *La población española*, p. 133.

29 CASTRO FREIRE, S. *Lugo y sus hombres*, p. 69.

30 ADPL de 8 e 11-II-41.

31 *Memoria sobre la eficacia de los sulfuros contra el cólera morbo asiático*, Imp. Pujol y Hermano, Lugo, 1855.

32 BOPL de 16-X-1865.

33 MEIJIDE FAILDE, R. *Termas de Lugo*, pp. 46-47.

34 Actas Concello de Lugo, Libro 159, acordo do 27 de xuño de 1835.

dalgunhas transformacións no establecemento coas que pretendía acabar co estado de abandono existente. De aí as iniciativas para regularizar unha serie de normas hixiénico-morais que separaban aos pacientes por sexo, idade e enfermidade, os cadros horarios para a atención dos enfermos, os métodos de utilización dos baños e a decisión de mantelos abertos durante unha tempada oficial que se estendía desde o 15 de xuño ao 30 de setembro.



**O Balneario de Lugo segundo un plano de 1812**

A partir do momento da súa elección como director farase responsable, ademais, de presentar unha memoria anual na que se debía rexistrar o funcionamento e as necesidades do Balneario lucense<sup>35</sup>. Coñecemos algunhas desas memorias, como a correspondente a 1844, na que destacan as deficientes condicións do transporte e dunhas instalacións de baño e aloxamento que non animaban precisamente os bañistas a instalarse nelas. Por iso, só entre 40 e 80 persoas aproveitaban unhas habitacións que carecían das mínimas condicións de luz e limpeza. Non obstante, o número de bañistas externos ascendía a 600 ese mesmo ano, a maioría galegos, aínda que tamén acudían das provincias limítrofes de Asturias e León. Outras memorias posteriores recollerán as novidades e melloras que se van realizando no establecemento e que nunca foron suficientes<sup>36</sup>. Na última das súas memorias, a de 1863,

falaba dun total de 1337 enfermos atendidos, dos que 249, declarados pobres, acudían cos gastos médicos e de estancia pagados pola Deputación provincial, que funcionaba como titora do Balneario desde a expropiación realizada ao antigo propietario Francisco López de Neira en 1846.

Este labor de Peña nas termas lucenses complementábase co desenvolvemento privado da súa profesión, dentro da que vai asentándose progresivamente. Así, cando en 1844 se organice a Xunta Provincial de Sanidade, que pretendía garantir o control sanitario da provincia, será invitado a integrarse nela<sup>37</sup>. De feito, a medicina foi considerada sempre como a súa principal actividade profesional, e debeu exercela tanto desde as expectativas particulares como das oficiais. Neste último sentido pódese confirmar que participou tamén nun servizo bastante común na época, o recoñecemento de quintos, no que queda rexistrada a súa actuación como facultativo en 1866, cando examinaba a 78 recrutas lucenses<sup>38</sup>.

## 5. O docente

Para os liberais o modelo de educación pública representaba unha inmejorable oportunidade de acabar co monopolio docente que neste terreo exercían os eclesiásticos, por iso insistirán no seu desenvolvemento, na conciencia de que quen aseguraba a instrución das xeracións máis novas garantía a súa fidelidade ideolóxica para o futuro.

35 MEIJIDE FAILDE, R. *Termas de Lugo*, pp. 50-51, cualifica a estas memorias de concisas e de escasa calidade científica. Publicou outras memorias nos anos 1836, 1837, 1838, 1840, 1848 e 1863, case sempre críticas cos propietarios do establecemento.

36 Na nota que se envía en 1865 á Dirección Xeral de Sanidade, De la Peña figuraba aínda como médico-director do Balneario (vid. BOPL de 5-V-65).

37 ADPL 13-V-44.

38 Actas do Consello Provincial de 3-VIII-66.



En Lugo, rematada a primeira contenda carlista que paralizou gran parte das actividades de mellora social durante os anos trinta, o réxime esparterista relanza nos corenta a Comisión de Instrución Primaria e a Deputación provincial nomea para integrarse nela os seus membros máis activos e entendidos en temas educativos, os señores José Jorge de la Peña e Buenaventura Miguel Plá. Desde esta comisión, De la Peña presentará todo un programa de reformas para a ensinanza provincial<sup>39</sup>, no que se contemplaba, entre outras cousas, a conveniencia de establecer unha Biblioteca provincial e pública na capital, recollendo un proxecto de 1838. O deputado consideraba un deber da corporación non só conservar e soste-lo xa realizado en materia de ensino, senón ademais promover novos establecementos docentes que fosen capaces de compararse cos mellores da Península. Insiste en elevar a unha Rexencia —a de Espartero—, que parecía máis sensible ás cuestións educativas que a súa antecesora, unha representación defendendo o realizado pola Xunta revolucionaria neste terreo. Recorda a escaseza de establecementos de ensino na provincia e rememora o sentir ilustrado de combater por todos os medios a ignorancia do pobo, que algúns pretendían perpetuar “*para esquilmarlo a su antojo*”. Sostén, ademais, a oportunidade de establecer unha cátedra de Filoloxía e Xeografía que había de propiciar novos coñecementos e en xeral un modelo de ensino máis pragmático do que el era decidido partidario<sup>40</sup>. Finalmente, solicitaría que se formase unha comisión na que figurase como vogal o reitor do Colexio Seminario, co encargo de fomentar e vixiar todo o relacionado coa docencia. A idea de enviar esta exposición ao Goberno será aprobada, comisionándose o propio deputado para a súa redacción, pois resultaba evidente que o señor Peña estaba convencido dos beneficios da Ilustración, e recoñecía a necesidade de desenvolver os niveis primarios do ensino orientando ás escolas rurais de xeito máis profesional que científico ou intelectual<sup>41</sup>.

Noutros niveis educativos, Peña intervirá decisivamente tanto na creación do Instituto de Ensinanza Secundaria, como da Escola Normal de Lugo<sup>42</sup>. De feito, era o deputado que se amosaba máis interesado na instalación do último establecemento<sup>43</sup>, e a este respecto recorda que un dos mozos enviados para a súa instrución na Corte —Hermógenes Palacios— co fin de prepararse como instrutor dos futuros docentes da provincia, xa era mestre e agardaba a orde da Deputación para ocuparse da escola. A corporación non se decidía a aproveitar os seus servizos pese a que a Xunta Provincial de Instrución Pública contaba cos fondos necesarios para iniciar a montaxe do centro. Nas conclusións que presenta sobre o tema, Peña advirte que ante a imperiosa necesidade de encontrar un local como se lle encargara, tiña que confesar que os resultados foran bastante infrutuosos, pois á parte da igrexa da Nova, que a propia Deputación rexeitaba para este fin, non atopaba máis que dúas opcións: ou ben aproveitar as dependencias que no antigo convento de San Domingos ocupaba neses momentos a Comandancia Xeral Militar, e no que serían preciosos custosos arranxos, ou ben facilitar vinte ou trinta mil réas para, co correspondente plano e

---

39 ADPL de 8 e 13-I-1841

40 Para BARREIRO FERNÁNDEZ, *Historia...*, tomo III, p. 18, o feito de que o ensino se impartise en castelán non deixaba de ser un trazo centralizador e afirma que a concepción centralista do primeiro liberalismo español contribuirá a obscurecer o desenvolvemento dos trazos culturais das áreas periféricas.

41 ADPL 21-II-44. Nesas escolas debería realizarse unha cuádruple aprendizaxe: lectura, escritura, contas e principios de agricultura, o que estaba moi na liña do seu espírito pragmático.

42 ADPL 8-I-41.

43 ADPL de 28-I e 5-III de 1842.

presuposto, emprender unha obra de nova factura en terreos achegados polo Concello de Lugo. No caso de que non se aceptasen as súas alternativas, propúñalle á Corporación elixir outro comisionado que fose capaz de atopar e alugar casa ou edificio a propósito. En canto á delimitación do soldo do futuro director da escola, o deputado opinaba que estaría satisfeito cunha retribución de 400 ou 500 réas mensuais, que non parecían excesivos, se se comprometía a cumprir cos seus deberes. A corporación inclinouse pola opción do arrendamento, autorizando os deputados Arias e Peña para tramitar o aluguer dunha casa para a escola e, así mesmo, para a compra dos efectos necesarios na instalación<sup>44</sup>

Polo que se refire ao Instituto de Segunda Ensinanza a súa implicación será aínda máis grande. Xa na sesión da SEAPL do 1 de outubro de 1841 tratárase o asunto da instalación dun centro deste tipo na cidade de Lugo, mentres se comentaba o mal estado do ensino primario ou elemental porque neses momentos só existían algunhas escolas confiadas a “*personas ineptas, miserables y bozales* (sic)<sup>45</sup>”. O Instituto contemplábase como unha necesidade imprescindible que debía cubrir estudos de interese agrícola, artístico e comercial, propoñéndose un programa no que se incluían as seguintes materias: gramática castelá xeral e lóxica—Matemática elemental—Xeometría aplicada ás artes—Debuxo lineal—Física experimental—Agricultura—Elementos de cronoloxía, Historia e Xeografía—Idioma francés e Química.

En 1842 acelerárase un proceso no que Peña intervén de xeito moi persoal. Era deputado provincial por Viveiro cando a Deputación lle dirixía unha petición ao rexente para que se crease o Instituto<sup>46</sup>. O Decreto de 30 de novembro ordenaba constituír unha Xunta “creadora” que quedou instalada o 8 de novembro de 1843. Logo, procedeuse ao nomeamento dos primeiros profesores, ocupando José Jorge de la Peña a cátedra de Física e Elementos de Química<sup>47</sup>, para pasar, nunha segunda reunión da Xunta, a ser nomeado primeiro director do centro. El foi, seguramente, o responsable da adquisición dun equipamento docente inicial que se rexistra na primavera de 1847, e no que se incluía un catálogo de minerais e un inventario dos instrumentos de Física.

**Seminario fundado polo bispo Atadú,  
que foi a primeira localización do  
Instituto de ensino medio lucense  
e, polo tanto, o centro no que  
José Jorge de la Peña desempeñou  
as funcións de dirección >**



44 ADPL ses. de 26-III-42.

45 Actas da Sociedade Económica de Amigos do País de Lugo (ASEAPL), 1841.

46 ADPL 26-III-42. A mesma petición incluía unha cátedra de Agricultura en Monforte e Mondoñedo e Escolas de Navegación para Ribadeo e Viveiro, o que constituía todo un plan de organización educativa provincial. Vid. A. Prado, La Diputación provincial y los inicios de la instrucción pública en Lugo, p. 108 e nota 16.

47 Segundo FERNÁNDEZ PENEDO, L, *Historia viva...*, p. 33. Será profesor de Historia Natural neste primeiro claustro.

O señor De la Peña desempeñou o cargo de director do Instituto ata fins do ano 1846, cando por unha RO. do 5 de novembro dese ano se nomeaba no seu lugar a Leoncio Perejón<sup>48</sup>. Este cambio era consecuencia do acabado de implantar Plan Pidal, que profesionalizaba a figura dos docentes creando os cargos de rexente e catedrático<sup>49</sup>. A Perejón recoñecíasele no mes de outubro de 1846 a condición de rexente de segunda clase. Non ocorreu así con José Jorge de la Peña que, ao ano seguinte, pretendeu regularizar a súa situación no Instituto solicitando a concesión en propiedade da cátedra que desempeñaba de Historia Natural, pero sen éxito por non dispor da mencionada condición de rexente. Esta negativa molestará o señor Peña, que se dirixirá á Xunta do Instituto en novembro de 1847 para facer constar que xa que nin os seus méritos, nin dereitos, nin tampouco os servizos prestados na creación e sostemento do Instituto eran suficientes para que se lle concedese a cátedra, facía renuncia dela<sup>50</sup>. No curso seguinte o centro foi trasladado a Monforte, e este feito fixo rematar a primeira etapa de Peña como docente do instituto, asinando por última vez na acta de claustro de 9 de xuño de 1848. Pero volvería a el algúns anos máis tarde, xa como profesor doutras materias.

O que non mudou foi a súa preocupación polo centro e, así, interviña na discusión do pre-suposto de 1856<sup>51</sup> na que se propoñía solicitar do Goberno o retorno do Instituto a Lugo, tanto por razóns legais como económicas. Talvez fora tamén o autor anónimo que asinaba un artigo no número de 15 de novembro de 1860 do periódico local *El Correo de Lugo*, no que se recomendaba o traslado do instituto a Lugo por non dispoñer a vila de Monforte dunha infraestrutura escolar axeitada xa que carecía de imprentas e librerías.

Máis adiante, cando o instituto retorne á capital, figurará como profesor substituto de Francés na apertura do curso 1864-65, aínda que axiña será substituído “*por sus muchas ocupaciones*”<sup>52</sup>. Meses despois será o seu fillo maior, Federico, quen ocupe esta praza, reempresándose o pai cando opoite a esa cátedra, que logo desempeñaría durante bastantes anos<sup>53</sup>. En 1867 será profesor de Historia Natural só por un mes<sup>54</sup> e, en 1872, cando o Instituto inauguraba os locais que se lle asignaban no novo edificio do Pazo da Deputación tras unha longa década en locais provisionais cedidos polo concello, José Jorge de la Peña figuraba como profesor auxiliar dunha cátedra de Agricultura de recente creación<sup>55</sup>, ao mesmo tempo que se reintegraba ao claustro o seu fillo Federico como responsable da cátedra de Francés.

O expediente do noso biografiado que se conserva no arquivo do Instituto *Lucus Augusti* de Lugo, fai referencia ao seu labor docente nos anos sesenta e setenta, pero esquece a súa actividade nos anos corenta cando o seu papel fora primordial para que o centro iniciase a súa andaina. De todos os xeitos o documento ofrece unha serie bastante ampla de referencias aos seus estudos, méritos,

---

48 Actas Instituto de Lugo (logo, AIL) 15-12-1846.

49 Os rexentes eran aqueles habilitados para exercer o ensino, mentres os catedráticos obtiñan por oposición a praza en propiedade dunha determinada materia. Distinguíase entre rexentes de 1ª clase que dispoñían do grao de doutor, e de 2ª clase sen doutorado pero que obtiveran un título universitario que os capacitaba para a docencia (arts. 96-102 da mencionada Lei Pidal de 1845).

50 AIL de 17-11-1847

51 ADPL 9 e 18 -10-55.

52 AIL, sesións de 16-09 e 15-12 de 1864.

53 AIL, sesións de 30-03-65 e 14-01 de 1866.

54 AIL de 4-10 e 15-11 de 1867.

55 FERNÁNDEZ PENEDO, L. *Historia viva del Instituto de Lugo*, p. 76.


títulos e servizos docentes. Estes centráronse na contribución como profesor auxiliar da cátedra de Física Aplicada teórica y práctica e de Elementos de Agricultura, industria fabril y comercio, ocupación que confirma o carácter eminentemente pragmático da súa formación intelectual<sup>56</sup>. O Claustro do Instituto asegurouno nestas prazas o 16 de novembro do ano 1868, segundo certificará co correspondente título, nove días despois, o reitor da Universidade santiaguesa José Montero Ríos<sup>57</sup>. Nestas concesións, o noso biografiado estivo apadriñado pola Deputación Provincial, que o nomeou para a praza de Elementos de Agricultura por acordo do 10 de novembro de 1869<sup>58</sup>. No mesmo expediente profesional consérvase unha carta autógrafa asinada o 29 de novembro de 1869 e dirixida ao director do instituto, na que o señor Peña solicitaba a vacante da cátedra de Nocións de Agricultura, aludindo á súa experiencia por desempeñala no ano anterior, e para tal efecto acompañaba o título

antes citado. Na carta, sen dúbida como elemento avaliatorio dos seus méritos, aludía Peña á súa anterior condición de director e catedrático do instituto nos momentos da súa creación, é dicir, vinte e cinco anos antes, afirmando encargarse de diversas materias en diferentes épocas. Completaba o currículo persoal aludindo á súa condición de licenciado en Medicina, rexente en Zooloxía, e encargado da redacción da *Cartilla Agraria* publicada nesta provincia en 1846.

Segundo consta nunha carta que lle envía o primeiro de xullo de 1869 o entón director do Instituto Francisco Fariña Rodríguez, a Deputación Provincial decidira no anterior 30 de maio a supresión para o curso 1869-1870 de varias ensinanzas e, entre elas, as de Elementos de Agricultura e Física e a súa aplicación teórica e práctica, que estaba a cargo do noso biografiado. Pero meses despois, a fins de 1869, o mesmo director recoñecía o seu nomeamento como auxiliar para a clase de Nocións de Agricultura restablecida pola Deputación, e expedíasele o título que lle permitiría incorporarse a esas clases, aínda que reducindo a 400 escudos a súa dotación.

O interese pola docencia transmitiuno polo menos a dous dos seus fillos. Xa se fixo alusión a que o seu primoxénito Federico será catedrático de Francés no Instituto de Lugo, pero tamén consta que ao seu fillo Eduardo se lle concede unha pensión na Escola Central de Agricultura “polos méritos do seu pai”<sup>59</sup>.

**< Cesamento de José Jorge de la Peña como profesor auxiliar de Elementos de Agricultura, Industria Fabril e Comercio e Física do Instituto de Lugo. 1 de xullo de 1869**



56 Estas materias aparecían contempladas no *Reglamento General para la administración y régimen de la Instrucción pública de 20 de julio de 1859*, corolario da lonxeva Lei Moyano de setembro de 1857.

57 Vid. expediente persoal de José Jorge de la Peña, Arquivo IES Lucus Augusti. Por esas datas figura como director do centro Antonio Magín Plá, e como secretario accidental o seu propio fillo Federico de la Peña.

58 Polo desempeño de tal actividade docente, Peña recibiría un salario anual de 600 escudos (6.000 rs.).

59 ADPL 28-XI-1855.

Fóra da actividade práctica docente, José Jorge de la Peña deixou rexistradas as súas preocupacións educativas nun longo artigo que publica nos números de *El Correo de Lugo* do 5 e 10 de xullo de 1860 co título *La civilización en la educación completa*<sup>60</sup>. Recoñece aquí a importancia da educación —que considera como unha segunda natureza do individuo— desde unha análise de ton fisiolóxico na que se deixa ver o profesional da Medicina. Comeza por defender un modelo de ensino físico e alimentario, para pasar a considerar a importancia dunha educación moral cimentada en preceptos relixiosos e, por fin, tamén intelectual. Segundo Peña, o home debe mitigar e controlar as súas paixóns, aínda que non suprimilas completamente posto que isto o convertiría nun autómatas. Por outra parte, o pensamento e a razón diferencian o ser humano doutros animais, atribuíndolle a facultade de pensar ao feito de contar cunha alma inmortal. Propón a consagración ao estudo das artes e das ciencias, a combinación de esforzo facéndoo colectivo, a dedicación ás actividades que sexan útiles á sociedade, e conclúe as súas primeiras reflexións con esta afirmación: “...en el mundo civilizado, si satisface el hombre sus necesidades es, en último análisis, por el empleo de su inteligencia”. No segundo número do periódico recordaba os auxilios que pode prestar esta intelixencia a través dun exemplo que demostra as súas afeccións literarias: o relato sobre Robinson Crusoe, que subsistiu na soidade grazas ao seu enxeño avivado polas necesidades. Existe, segundo Peña, unha tendencia a civilizarse e a satisfacer unha natural curiosidade que favorece o espírito de indagación, sen esquecer que a educación debe combinarse coa busca da felicidade humana. Nestas afirmacións vemos un reflexo evidente do seu pensamento ilustrado —antecedente do liberal— que confirma cunha referencia ao *Emilio*, o libro pedagóxico por excelencia do século XVIII. Remata recordando os beneficios que proporcionan os estudos e a educación, que serven tamén para loitar co mesquiño exclusivismo.

## 6. As preocupacións intelectuais dun liberal

Nin a súas obrigas profesionais como médico ou docente, nin os seus compromisos como deputado ou apoderado dos Ibáñez lle ían impedir a José Jorge de la Peña desenvolver un amplo labor intelectual dentro dese espírito pragmático do que se ten falado en liñas anteriores.

Neste sentido, a súa época máis fértil foi a das décadas dos corenta e cincuenta. Será entón cando se concreten unhas inquedanzas intelectuais que se centraron nos temas médicos, antropolóxicos, económicos e educativos e que se rexistran na sucesiva aparición das obras sobre estes temas atribuídas á súa pluma<sup>61</sup>.

Non hai dúbida de que o protagonista deste apuntamento biográfico formou parte da intelectualidade galega de mediados do século XIX, como deixa ver Fernando Pereira no seu traballo sobre a idea de raza e alteridade en Galicia<sup>62</sup> e no que destaca o significado do *Ensayo sobre la perfección del hombre en la Extensión de su Ser* (1842) onde o médico lucense se amosaba defensor das teses

---

60 Periódico que fundara xunto coas máis relevantes personalidades lucenses da época.

61 COUCEIRO FREJOMIL, *Diccionario...*, t. III, p. 65. Caracteriza o noso personaxe como médico lucense e vogal da Comisión Provincial de Instrución Primaria.

62 PEREIRA GONZÁLEZ, F. *Raza e Alteridade. A reflexión sobre a diversidade humana na Galicia do século XIX*, pp. 129-130, 154-156, 201-202.

monoxenistas, asegurando que o ser humano tiña unha tendencia innata a civilizarse, pero mantendo a crenza en significativas diferenzas raciais dentro da mesma especie humana<sup>63</sup>. De feito, Peña facía contrastar o civilizado home branco cos menos afortunados pobos negros e hiperbóreos —lapóns, esquimós...— que non eran capaces de mellorar por si mesmos, polo que o seu progreso pasaba polo cruzamento coas razas máis civilizadas. Non obstante, esta aparente concesión ás mesturas interracialais non lle impedía recoñecer o argumento polixenista da infecundidade e da regresión biolóxica que estes supoñían, polo que hai que admitir nas súas interpretacións unha certa contradición, moi a ton coa época.

Como médico, os seus estudos teóricos máis importantes concedéronlle atención especial á gran epidemia da época: a cólera, que acometeu a provincia de Lugo con gran virulencia a mediados dos anos trinta e, logo, outra vez nos cincuenta, obrigando a Peña a combatela en primeira liña. No século XIX o tratamento desta enfermidade era fundamentalmente preventivo, xa que non se descubren ata fins de século as vacinas, nin moito menos se dispoñía dos antibióticos que permiten un tratamento quimioprofiláctico. Polo tanto, procúranse as medidas antisépticas necesarias para evitar a aparición ou, se é o caso, a expansión da epidemia. Nesta estratexia de saneamento das áreas endémicas é na que insiste José Jorge de la Peña na súa breve —só 18 páxinas— *Memoria sobre la eficacia de los sulfuros contra el cólera morbo asiático* (1855), analizando as posibilidades deses elementos químicos, que resultan da combinación do xofre cun metal ou metaloide, para o combate da enfermidade<sup>64</sup>.

A publicación en Lugo en 1846 dunha *Cartilla agraria para las escuelas rurales de la provincia de Lugo* coloca tamén a José Jorge de la Peña entre os intelectuais preocupados polos problemas agrícolas, que tanto tiñan que ver co desenvolvemento dunha Galicia cun agro negativamente condicionado polas circunstancias que determinaban a mala estrutura da propiedade da terra e o estancamento técnico, o que, en conxunto, impedía obter rendementos agrarios importantes<sup>65</sup>. A cartilla —un folleto de 56 páxinas— ten un evidente valor pedagóxico, como demostraba o feito de que o autor era neses momentos vogal da Comisión provincial de Instrución Primaria, e un docente do instituto que xa se pronunciara repetidamente pola ensinanza e a difusión de materias “*prácticas y productivas*”<sup>66</sup>. En todo caso, a publicación coloca o noso biografiado entre os galegos preocupados polo agro e partidarios da súa modernización, o que, a estas alturas, non era pouco.

Nas súas colaboracións de prensa José Jorge de la Peña tamén deixou mostras moi claras de dúas grandes vocacións: a médica e a educativa, e podemos poñer sobre isto algúns exemplos. Sobre a

---

63 Publicado en Madrid en 1842 na imprenta do Colexio Nacional de Xordomudos. Localízanse exemplares na Biblioteca Pública do Estado de Guadalajara e na Biblioteca Fermín Caballero de Cuenca.

64 Foi impresa en 1855 na imprenta de Manuel Pujol, por orde da Deputación Provincial. O mesmo ano, na imprenta de Soto Freire publicaba outro folleto sobre o mesmo tema, aínda que máis breve, que titulaba: *Contra el Cólera hay preservativo. Contra el Cólera hay remedio* (Vid. La imprenta en Galicia, p. 306).

65 Outros autores lucenses preocupáranse polo mesmo tema, como José María Castro Bolaño que publica na imprenta Pujol outra memoria similar en 1850, ou o mesmo Conde de Pallares que presenta en 1862 o seu famoso informe sobre o estado da ensinanza agrícola ante un interrogatorio enviado polo ministro de Fomento. vid. *La imprenta en Galicia*, p. 300 e 313. Peña presentaría un exemplar da Cartilla na Exposición rexional celebrada na cidade de Lugo en outubro de 1877, segundo consta no catálogo da citada exposición; tamén ofrece un feixe de herba seca, un frasco de mel, unha reixa cortacésped, un canastrel con carbón e uns ladrillos, o que da idea da variedade dos seus intereses e afeccións (vid. Catálogo de 1877 en AIL).

66 Neste caso será a imprenta da Viúva de Riesgo a que corre coa publicación. Vid. *La imprenta en Galicia*, p. 303. Segurante, a *Cartilla* tivo que ver coas súas experiencias como secretario da Sección de Agricultura da SEAPL constituída en 1841 e da que formou parte.

primeira, unha publicación no Boletín de Medicina, Cirurxía e Farmacia que demostra ademais a súa precocidade intelectual, e que é un estudo no número de 21 de decembro de 1837 —rematada recentemente a carreira— que titulou *Curación de un envenenamiento de nuez vómica con los ácidos carbonosos* e no que relata a experiencia profesional cunha das súas primeiras pacientes que rematou cun final feliz. Sobre a súa vocación educativa, recolleemos o breve pero significativo artigo publicado no número de 6 de abril de 1886 do periódico local *El Lucense*, co título de *La vocación en los niños*, neste traballo —de apenas dous anos antes do seu falecemento— amosa que ata a fin da súa vida mantivo as inquedanzas intelectuais e nel defende o respecto ás aptitudes e vocacións persoais dos nenos, rexeitando a idea de marcar de xeito obrigado a súa orientación profesional, actitude ben corrente na época.

## 7. O ocaso

Nos anos setenta José Jorge de la Peña irase retirando das ocupacións docentes e médicas. No padrón de 1880<sup>67</sup>, cando acadaba a xa avanzada idade de 74 anos —aínda que no Padrón só se lle recoñecen 72— residía na Praza da Nova, número 3 coa súa dona Florentina e varios dos seus fillos e netos. No censo de 1887<sup>68</sup> —atribuíánselle 80 anos— residía na rúa San Marcos, 25 co seu fillo Federico, solteiro, de 47 anos de idade e, por entón, profesor de Francés do Instituto no que o seu pai fora o primeiro director.

Un ano despois, o 4 de maio de 1888, á unha da madrugada, José Jorge de la Peña morría en Lugo, unha cidade na que, aínda que non nacera, se integraba plenamente. Contaba neses momentos coa, para a época, moi avanzada idade de 82 anos, polo que non estraña que se dera como causa da súa morte a *decrepitud senil*. O periódico *El Lucense* publicaba na sección local do número correspondente ao 4 de maio de 1888, unha nota necrolóxica na que definía o noso biografiado como unha persoa de fino trato e sumamente instruída. Como médico destacaba a súa laboriosidade e competencia, como docente os seus cargos de director do instituto e profesor de distintas materias. Tamén recordaba a súa utilísima publicación dunha *Cartilla Agraria*, a súa etapa de director do balneario lucense e a súa colaboración no Consello Provincial e na Deputación e, aínda que se recoñecían as súas “modernas” ideas políticas, advertíase tamén do seu profundo sentimento católico.

Desgraciadamente para os intereses dun historiador, morre sen facer testamento, o que nos impide coñecer detalles sobre o seu legado e patrimonio que poderían ser moi esclarecedores. Pero deixou fillos e obras, o que non é pouco.

**Nota necrolóxica de José Jorge de la Peña que aparece na páxina 3 do número do periódico local *El Lucense* correspondente ao 4 de maio de 1888 >**



67 AHP, Padróns, L-637, 1880.

68 AHP, Censos, L-647, 1887. En xaneiro dese ano falecera a súa dona Florentina Ibáñez Varela como consecuencia dun derramo cerebral.